

ACTA NÚMERO: 37/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 14 de novembro de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes de Secretaría da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 31 de outubro de 2024 (Reunión 37/2024).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa T-Systems ITC Iberia, SAU, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación do sistema de xestión económico-financeiro SICAL C/S. (Expte.- 2024058339).
3. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de recollida, transporte de tratamento de residuos xerados na Finca de Mouriscade. (Expte.-2024058714).
4. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPD e CPDR) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024050712).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. (Expte.- 2024064933).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. (Expte.- 2024064933).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).



9. *Selección das empresas candidatas para pasar á seguinte fase, correspondente á presentación de proposicións, no procedemento restrinxido convocado para a adxudicación do Acordo Marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio. (Expte.- 2024036049).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 31 de outubro de 2024 (Reunión 37/2024).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 31 de outubro de 2024 (Reunión 37/2024).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa T-Systems ITC Iberia, SAU, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación do sistema de xestión económico-financeiro SICAL C/S. (Expte.- 2024058339).*

Por Resolución Presidencial número 2024008313, de data 24 de outubro de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación do sistema de xestión económico-financeira SICAL C/S, cun valor máximo estimado de 5.528,98 €, IVE engadido.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á T-Systems ITC Iberia, S.A.U. (CIF: A81608077), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 28/10/2024.

A empresa T-Systems ITC Iberia, S.A.U. (CIF: A81608077) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:



Importe ofertado sen IVE	4.569,40 €
IVE (21 %)	959,58 €
Importe ofertado con IVE	5.528,98 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa T-Systems ITC Iberia, S.A.U. (CIF: A81608077), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación do sistema de xestión económico-financeira SICAL C/S.

3. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de recollida, transporte de tratamento de residuos xerados na Finca de Mouriscade. (Expte.-2024058714).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024008306 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos xerados na Finca de Mouriscade. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/10/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A. A-59202861
- SRCL CONSENUR S.L. B-86208824

Os valores ofertados foron os seguintes:

Empresas	Prezo total ofertado (sen IVE)	IVE (10 %)	Prezo total ofertado (IVE engadido)
PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A. A-59202861	14.634,40 €	1.436,44 €	16.097,84 €
SRCL CONSENUR S.L. B-86208824	13.779,00 €	1.377,90 €	15.156,90 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

Empresas	Puntuación prezo ofertado Max 100 puntos
PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A.	13,91
SRCL CONSENUR S.L.	44,35

A Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do referido servizo:
 - PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A. A-59202861
 - SRCL CONSENUR S.L. B-86208824
2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	SRCL CONSENUR S.L.	44,35
2ª	PREZERO GESTION DE RESIDUOS S.A.	13,91



3. Propor ó órgano de contratación, a adjudicación do contrato a empresa SRCL CONSENUR S.L. B-86208824 que alcanzou a maior puntuación total.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adjudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa proposta como adjudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas

4. **Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPD e CPDR) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024050712).**

A Xunta de Goberno na sesión do día 24/10/2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPD e CPDR) da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/10/2024. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica VORTAL, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións



previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestructuras auxiliares de acondicionamento dos centros de proces de datos (CPD e CPDR) da Deputación de Pontevedra, motivado polo feito de non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

5. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. (Expte.- 2024064933).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024008301 de data 24/10/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en habitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 Biocosteiro 1-E) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/10/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- Estrategia y Organización SA (CIF A-36.196.418)
- Sinexia Plus Consultora SLU (CIF B-27743897)

6. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. (Expte.- 2024064933).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024008301 de data 24/10/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en hábitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 Biocosteiro 1-E) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación Interreg VI A España-Portugal (Poctep) 2021-2027.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/10/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 14/11/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo admitidas as seguintes empresas:



- Estrategia y Organización SA (CIF A-36.196.418)
- Sinexia Plus Consultora SLU (CIF B-27743897)

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a desenscriptación e descarga da documentación do sobre "B", correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas.

O valores ofertados segundo constan no Anexo I foron os seguintes:

-Estrategia y Organización SA

Prezo ofertado:

Importe sen IVE:	64.343,12 €
IVE (21. %):	13.512,06. €
Importe total ofertado:	77.855,18. €

Nota: o importe ofertado sen IVE non pode se superior a 67.729,60 €

2.- Formación a maiores do persoal proposto para a execución do contrato.

Posto	Relación numerada de masters ou postgrados relacionados co ámbito do medio ambiente (tales como master en bioloxía mariña, máster en biodiversidade terrestre, etc)
Xefe/a de equipo	Master Universitario en Desenvolvemento sostible
Técnico de xestión	Master Universitario en Biotecnoloxía Avanzada

Nota: No caso de ofertar dito criterio a empresa deberá achegar xunto co Anexo I as titulacións que acrediten a realización dos masters ou postgrados. No caso de non achegar a correspondente titulación acreditativa non se valorará a citada titulación.

3.- Experiencia adicional acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por fondos europeos no ámbito do medio ambiente do equipo de traballo proposto a maiores do mínimo esixido:

Posto	Nº total de anos de experiencia acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente
-------	--



	(Nº anos de experiencia mínima + nº anos ofertados a maiores)
Xefe/a de equipo	3 anos de experiencia mínima + 1 ano de experiencia a maiores
Técnico de xestión	3 anos de experiencia mínima + 1 ano de experiencia a maiores

Nota: No caso de ofertar dito criterio a empresa deberá achegar xunto co Anexo I a documentación acreditativa da experiencia ofertada que se detalla a continuación:

- Titulación académica
- Curriculum vitae acompañado dunha declaración xurada.
- Contratos ou certificados de servizos prestados no caso de persoal que traballase directamente coas administracións públicas ou con organismos públicos e/ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das administracións públicas.

A experiencia a acreditar será tanto a establecida como mínima como a ofertada a maiores.

4.- Dominio da lingua portuguesa do persoal proposto.

Posto	A persoa proposta dispón como mínimo do certificado de nivel avanzado C1 de portugués.	
Xefe/a de equipo	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>
Técnico de xestión	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>

Nota. No caso de ofertar este criterio deberán achegarse os correspondentes certificados. No caso de non achegalos o criterio non será valorado.

4.- Dominio da lingua inglesa do persoal proposto.

Posto	A persoa proposta dispón como mínimo do certificado de nivel avanzado C1 de inglés.	
Xefe/a de equipo	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>
Técnico de xestión	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>

Nota. No caso de ofertar este criterio deberán achegarse os correspondentes certificados. No caso de non achegalos o criterio non será valorado.

-Sinergia Plus Consultora SLU

1.-Prezo total ofertado:

Importe sen IVE:	59.945,00 €
IVE (21. %):	12.588,45 €
Importe total ofertado:	72.533,45. €

Nota: o importe ofertado sen IVE non pode se superior a 67.729,60 €

2.- Formación a maiores do persoal proposto para a execución do contrato.



Posto	Relación numerada de masters ou postgrados relacionados co ámbito do medio ambiente (tales como master en bioloxía mariña, máster en biodiversidade terrestre, etc)
Xefe/a de equipo	Biodiversidade e conservación do medio natural (USC)
Técnico de xestión 1	
Técnico de xestión 2	
Técnico de xestión 3	Master universitario en Gestión integrada de áreas litorales (GIAL) (Universidad de Cadiz)

Nota: No caso de ofertar dito criterio a empresa deberá achegar xunto co Anexo I as titulacións que acrediten a realización dos masters ou postgrados. No caso de non achegar a correspondente titulación acreditativa non se valorará a citada titulación.

3.- Experiencia adicional acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por fondos europeos no ámbito do medio ambiente do equipo de traballo proposto a maiores do mínimo esixido:

Posto	Nº total de anos de experiencia acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por Fondos Europeos relacionados como medio ambiente (Nº anos de experiencia mínima + nº anos ofertados a maiores)
Xefe/a de equipo	
Técnico de xestión 1	
Técnico de xestión 2	
Técnico de xestión 3	

Nota: No caso de ofertar dito criterio a empresa deberá achegar xunto co Anexo I a documentación acreditativa da experiencia ofertada que se detalla a continuación:

- Titulación académica
- Curriculum vitae acompañado dunha declaración xurada.
- Contratos ou certificados de servizos prestados no caso de persoal que traballase directamente coas administracións públicas ou con organismos públicos e/ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das administracións públicas.

A experiencia a acreditar será tanto a establecida como mínima como a ofertada a maiores.

4.- Dominio da lingua portuguesa do persoal proposto.

Posto	A persoa proposta dispón como mínimo do certificado de nivel avanzado C1 de portugués.
-------	--



Xefe/a de equipo	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>
Técnico de xestión 1	SI <input type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>
Técnico de xestión 2	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input checked="" type="checkbox"/>
Técnico de xestión 3	Acreditación de traballo en Azores 3 anos	

Nota. No caso de ofertar este criterio deberán achegarse os correspondentes certificados. No caso de non achegalos o criterio non será valorado.

4.- Dominio da lingua inglesa do persoal proposto.

Posto	A persoa proposta dispón como mínimo do certificado de nivel avanzado C1 de inglés.
Xefe/a de equipo	B2 Inglés
Técnico de xestión 1	B2 Inglés
Técnico de xestión 2	C2 Inglés
Técnico de xestión 3	C1 Inglés

Nota. No caso de ofertar este criterio deberán achegarse os correspondentes certificados. No caso de non achegalos o criterio non será valorado.

Os valores expostos son os indicados polas empresas no anexo I. Non obstante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas económico-administrativas no caso de ofertar os criterios relativos a formación a maiores, a experiencia adicional e o dominio das linguas inglesa e portuguesa a empresa deberá achegar a documentación acreditativa da realización dos masters ou postgrados relacionados co ámbito do medio ambiente, a documentación acreditativa da experiencia adicional no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados pola Unión Europea así como as titulacións que acrediten o dominio das mencionadas linguas.

Unha vez analizada a documentación achegada polas empresas obsérvase con respecto a documentación achegada pola empresa Sinexía Plus Consultora SLU o seguinte:

Con respecto ao criterio relativo ao dominio da lingua portuguesa a empresa non achega a certificación acreditativa de como mínimo nivel avanzado C1 de portugués do persoal proposto (Técnico de xestión 2 e Técnico de xestión 3).

Con respecto ao criterio relativo ao dominio da lingua inglesa a empresa non acredita a certificación da lingua inglesa de como mínimo nivel avanzado C1 da persoa proposta como técnico de xestión 3.

Polo tanto de conformidade co disposto no prego administrativo ditos criterios non serán valorados.



Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios automáticos de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas sendo as seguintes:

Criterios de valoración automática	EOSA	Sinerxia Plus consultora SLU
Prezo total ofertado (Máx 48 puntos)	12,731	28,901
Formación a maiores do persoal proposto para a execución do contrato (Máx 16 puntos)	4,00	4,00
Experiencia adicional acreditada no campo da xestión, seguemento e xustificación de proxectos financiados por fondos europeos no ámbito do medio ambiente do equipo de traballo proposto a maiores do mínimo esixido: (Máx 16 puntos)	4,00	0
Dominio lingua portuguesa do persoal proposto (Máx 10 puntos)	0	0
Dominio lingua inglesa do persoal proposto (Máx 10 puntos)	0	5
Puntuación total	20,731	37,909

A vista de todo o exposto a Mesa de contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas ao procedemento aberto simplificado, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Sinerxia Plus Consultora SLU	37,901
2ª	Estrategia y Organización SA (EOSA)	20,836

2.- Propór ó órgano de contratación, neste caso a deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato a empresa Sinerxia Plus Consultora SLU que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Sinerxia Plus Consultora SLU figura inscrita no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia

3.- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, Sinerxia Plus Consultora SLU, mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a restante documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 2.997,25 €



7. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 18 de outubro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de soporte e mantemento integral dos sistemas de videovixilancia, contra intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 24/10/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361)

8. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024052159).



O Secretario comenta que a Mesa de Contratación na reunión do día 14 de novembro de 2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A” correspondentes a “documentación administrativa” presentada polos licitadores para optar á adxudicación do servizo de soporte de mantemento integral dos sistemas de vídeo-vixilancia contra a intrusión e control de accesos da Deputación de Pontevedra sendo a única empresa presentada e admitida a licitación a seguinte:

- SEGURIDAD DI-SEYS SL (B32149361)

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descriptación e descarga da documentación do “sobre B” correspondente ós criterios avaliados mediante xuízos de valor, presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B”, ós técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíen e ponderen a proposta técnica, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

9. Selección das empresas candidatas para pasar á seguinte fase, correspondente á presentación de proposicións, no procedemento restrinxido convocado para a adxudicación do Acordo Marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio. (Expte.- 2024036049).

O secretario da Mesa de Contratación, elaborou o escrito con CSV: 52XJQ5M1X7ERDLE7, no que informa dos resultados da valoración do sobre A, de solicitudes de participación no procedemento e documentación administrativa, acadados no procedemento restrinxido seguido para a adxudicación do “Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio”, e que son os seguintes:

- **Empresas presentadas:**
 - Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. (CIF: B05468327)
 - Parada y Cotelo, S.L. (CIF: B70464995)
 - KPMG Abogados, S.L.P. (CIF: B78503778)
 - Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278)



J &A Garrigues, S.L.P. (CIF: B81709081)

Ceca Magán Abogados, S.L.P. (CIF: B85313997)

• **Empresas que presentan documentación con defectos e/ou omisións emendables:**

Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.

Parada y Cotelo, S.L.

KPMG Abogados, S.L.P.

• **Empresas que emendan documentación:**

Parada y Cotelo, S.L.

KPMG Abogados, S.L.P.

• **Puntuación criterios de solvencia (cláusula 8.2 do PCAP):**

Criterio 1. Maior importe de cobertura no seguro de indemnización por riscos profesionais, superior ao mínimo esixido como solvencia económica, ata un máximo de 20 puntos

Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.	Parada y Cotelo, S.L.	KPMG Abogados, S.L.P.	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	J &A Garrigues, S.L.P.	Ceca Magán Abogados, S.L.P.
15	20	20	20	20	20

Criterio 2. Maior importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) da relación dos principais servizos esixida como solvencia técnica, ata un máximo de 20 puntos

Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.	Parada y Cotelo, S.L.	KPMG Abogados, S.L.P.	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	J &A Garrigues, S.L.P.	Ceca Magán Abogados, S.L.P.
0	3,63	12,46	20	6,88	2,13

TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 40 puntos)

Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.	Parada y Cotelo, S.L.	KPMG Abogados, S.L.P.	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	J &A Garrigues, S.L.P.	Ceca Magán Abogados, S.L.P.
Excluída*	23,63	32,46	40	26,88	22,13

*Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. non acredita a solvencia técnica esixida como mínima na cláusula 8.1 do PCAP (53.396,70 euros).

Á Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. (CIF: B05468327), por non acreditar a solvencia técnica esixida como mínima na cláusula 8.1 do prego de cláusulas económico administrativas regulador da presente contratación.



2. Seleccionar, conforme aos criterios obxectivos de solvencia establecidos na cláusula 8.2 do prego de cláusulas económico administrativas, ás persoas candidatas que pasarán a seguinte fase de presentación de proposicións, que son as seguintes:
 - Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278)
 - KPMG Abogados, S.L.P. (CIF: B78503778)
 - J & A Garrigues, S.L.P. (CIF: B81709081)
 - Parada y Cotelo, S.L. (CIF: B70464995)
 - Ceca Magán Abogados, S.L.P. (CIF: B85313997)

3. Propor ao órgano de contratación que convide a presentar proposición ás citadas empresas, concedéndolles ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

